

ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL

Despois de traballar durante este trimestre o gusto, o cheiro, o tacto e o oído, chega o momento de estimular o último sentido que nos queda: a vista.

Por este motivo, para despedir este curso tan diferente, propomos unha serie de tarefas que podedes realizar facilmente dende a casa durante as dúas últimas semanas lectivas do mes de xuño.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21

As nosas vidas están rodeadas de estímulos visuais e de fermosas cores que fan que poidamos gozar a través da vista de sensacionais estímulos.

Por iso, é doado que dentro da nosa contorna máis inmediata poidamos atopar numerosos elementos visuais que nos permitan desenvolver este sentido.

Dentro da **cociña** dispomos de variados estímulos con diferentes formas e cores, como son as froitas (laranxas, plátanos,...), utensilios de cociña (culleres, vasos, olas, táboas ...), alimentos (iogures, fabas, café,...) que nos poden axudar a poñer en marcha as tarefas que propomos a continuación para estimular a vista.



de noite, as
estímulos
rotuladores,

visuais

Dentro do noso **cuarto** podemos atopar moitas cores e formas, por exemplo ás prendas de vestir, nas cales podemos ver diferentes cores e estampados como as raias, os lunares, as flores,... Asemade, temos diferentes formas coma as mesiñas lámpadas, as alfombras,... Outro dos que soemos dispor son as ceras, lapis,...

Dentro do **baño** contamos con espellos de parede ou aumento que nos axudan a visualizar os nosos movementos, ademais soemos contar con obxectos de diferentes tamaños (xeles, xabóns,...) así como con variadas cores (toallas, algodóns,...).

Finalmente, podemos dicir que os nosos fogares son elementos inesgotables de recursos cos cales podemos estimular a vista, so debemos permanecer atentos e intentar integrar as seguintes tarefas nas nosas rutinas diarias.

- Dicar cal e a nosa cor favorita dentro dunha lista aberta.
- Diferenciar entre acendido /apagado (por exemplo, cando temos a lámpada acendida).
- Facer xogos de sombras coas mans ou con diferentes partes do corpo.
- Enumerar as diferentes cores que vemos nun obxecto ou nunha flor.
- Discriminar entre formas básicas (a laranxa é redonda, o coxín é cadrado,...).
- Buscar formas iguais (o prato é redondo ao igual que a pota).
- Clasificar segundo a cor (o prato é branco igual que a cunca ou vaso e transparente igual que a xarra) ou segundo o tamaño.
- Realizar xogos diante do espello(sacar a lingua, mover os brazos, as mans,...)
- Xogar ao vexo-vexo

ESPERAMOS QUE VOS GUSTEN AS ACTIVIDADES!

**TAMÉN DESEXAMOS QUE PASEDES UN BO VERÁN NO CAL
RECARGUEDES ENERXÍA PARA COMEZAR O CURSO QUE NOS ESPERA
EN SETEMBRO.**

GRAZAS E FELICES VACACIÓNS!